

RESOLUCIÓN REITORAL DO 06 DE MAIO DO 2026 POLA QUE SE FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA BANCO SANTANDER PARA PERSONAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL 2026.

A Fundación Banco Santander e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron un convenio no marco do que se financian diversas axudas entre as que destacan as destinadas á fortalecer á investigación nas súas primeiras etapas.

Por outra banda, o Banco Santander e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando nos últimos anos, en programas orientados especificamente a reforzar a calidade da investigación, a mellorar a eficiencia da súa xestión académica, a facilitar o acceso a programas de formación continuada, a reforzar a súa proxección internacional, en xeral, a elevar a oferta e o nivel dos servizos que a Universidade vén prestando aos membros da súa comunidade educativa.

Así, a Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa Fundación Banco Santander, ofrecen unha axuda valorada en 2.000 € ao persoal investigador produtora co fin fomentar a xestión da mobilidade e para compensar os gastos derivados nos conceptos de aloxamento, transporte e material de investigación.

Á vista do anterior, no uso das competencias que me atribúe o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 23 de abril, do Sistema universitario, así como os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, RESOLVO, publicar as seguintes

BASES DA CONVOCATORIA

Artigo 1. Natureza e obxecto da convocatoria

1. As presentes axudas teñen por obxecto promover e fomentar a calidade da educación superior e a actividade investigadora do persoal investigador predoutoral con vinculación laboral coa Universidade de Santiago de Compostela.

Así mesmo teñen como obxecto promover o desenvolvemento da súa carreira investigadora mediante axudas á súa formación e/ou mobilidade, mediante a cobertura parcial dos gastos de aloxamento, transporte, inscrición a congresos, publicación en revistas de alto impacto, e/ou pequeno material de apoio para as súas tarefas de investigación.

2. O número de axudas será de 30 coa cantidade de 2.000 € por persoa beneficiaria. Repartiranse 6 axudas por cada unha das cinco (5) grandes áreas de coñecemento da USC: Artes e Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias, i Enxeñaría e Arquitectura

Se nalgunha grande área quedaran prazas desertas, poderán ser cubertas polas persoas solicitantes que quedaran na lista de agarda ordeada logo de aplicar o criterio de valoración establecido no artigo 6 desta convocatoria.

3. O obxecto da presente convocatoria é a concesión de axudas dirixidas ao persoal investigador predoutoral residentes en España que se atopen contratados na USC e que teña como obxecto a realización de actividades recollidas no punto 1 deste artigo.

Artigo 2. Imputación orzamentaria.

O financiamento da presente convocatoria está no marco do programa “Bolsas Santander, Axudas económica para persoal investigador predoutoral 2026” con cargo á partida 8050-359X-64000 do orzamento da USC para o que hai reservado o importe máximo indicado.

Artigo 3. Persoas solicitantes das axudas

Poderán solicitar estas axudas o persoal investigador cun contrato predoutoral activo na Universidade de Santiago de Compostela (artigo 1.3) ás que lle resten, no momento de finalizar o prazo de solicitudes, polo menos, catro meses de vixencia do seu contrato.

As persoas candidatas poderán dispoñer destas axudas complementarias en función do establecido nas súas respectivas convocatorias predoutorais.

Terán prioridade na adxudicación das axudas o persoal investigador predoutoral que non acadara ningunha axuda na convocatoria anterior. No caso de ter desfrutado dunha destas axudas con anterioridade, formarán parte da lista de agarda mencionada anteriormente (artigo 1.2) .

Artigo 4. Formalización e Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, empregando o formulario de solicitude xenérica dirixida á Area

de Investigación ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a presentación das solicitudes na Sede Electrónica da USC empregaranse os mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos pola citada sede, nos termos previstos no Regulamento de transformación dixital, administración electrónica e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación da USC (Texto consolidado publicado no DOG núm. 56, do 16.03.2023).

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/rexistroEntrada/acceso.htm>

Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de Axudas Banco Santander Para Persoal Investigador Predoutoral 2026 e deberán achegar unha memoria co tipo gasto indicado no punto primeiro do artigo 1 desta convocatoria segundo o modelo do **Anexo I**, que en calquera caso o importe ou a suma dos importes deberá ser igual ou superior ao importe da axuda concedida.

Realizada a solicitude a través do rexistro electrónico da USC, deberán rematar o proceso cumprimentando os datos requiridos a través da **plataforma informática do Banco Santander** á que se accede desde a seguinte ligazón:

<https://www.becas-santander.com/es>

As solicitudes que non completen integramente as dúas fases e por ese orde, Sede Electrónica da USC e posteriormente na plataforma informática do Banco Santander teranse por desistidas e a persoa non poderá optar ás axudas.

Artigo 5. Presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes iniciarase o **07/05/2026** e rematará o **01/10/2026**. Recibidas as solicitudes, no caso de que non inclúan toda a información esixida, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da súa comunicación, emenden o defecto ou aporten a documentación correspondente. As persoas solicitantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión serán definitivamente excluídas do procedemento de concesión das axudas.

Artigo 6. Criterios de valoración.

A adxudicación realizarase por orde de puntuación obtida, cun máximo de 10 puntos, segundo a nota media do expediente do grao e máster co que se accedeu ao programa de doutoramento que está cursando.

A nota media do expediente calcularase e expresará con tres decimais, redondeada á milésima máis próxima, e, en caso de equidistancia, á superior. Será calculada co seguinte criterio:

No caso de persoas candidatas que concorran con ensinanzas conducentes á obtención do título de graduada ou graduado de menos de 300 créditos, diplomada ou diplomado, enxeñeira técnica ou enxeñeiro técnico, arquitecta técnica ou arquitecto técnico e mestra ou mestre, e que teñan acreditado o título de máster, a nota media realizarase tendo en conta estes estudos máis a totalidade dos créditos superados no máster ou equivalente. Neste caso, o cálculo realizarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$(X \cdot C1 + M \cdot C2) / (C1 + C2)$$

Onde:

X: nota media obtida no grao ou no primeiro ciclo.

M: nota media obtida no máster ou equivalente.

C1: créditos superados no grao ou no primeiro ciclo.

C2: créditos superados no máster ou equivalente.

Artigo 7. Procedemento de concesión

Revisadas todas as solicitudes publicarase no taboleiro electrónico da USC a resolución provisional na que se incluíra a puntuación daquelas solicitudes admitidas a trámite e as excluídas, con indicación do motivo da exclusión.

As persoas interesadas poderán formular as alegacións que consideren oportunas no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no Taboleiro electrónico da Universidade de Santiago de Compostela da anterior resolución. O prazo de asignación das bolsas por parte da USC finalizará o 10 de novembro de 2026. Tal asignación comunicarase as persoas beneficiarias que disporán de 7 días naturais

para cursar súa aceptación, chegado o momento deberase realizar a través da plataforma do Banco Santander.

Artigo 8. Xustificación e pagamento das axudas

As persoas beneficiarias deberán presentar durante o mes de xaneiro do 2027, a través do correo electrónico investigacion.rrhh@usc.es a documentación relativa a xustificación dos gastos realizados ao amparo destas axudas.

A documentación que deberá achegarse poderán ser facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outro medio equivalente no tráfico xurídico.

O período válido do gasto efectuado será entre o desde o 01/01/2026 ata o 31/12/2026.

Artigo 9. Resolución de concesión

A resolución definitiva de concesión das axudas ás persoas beneficiarias serán publicadas no taboleiro das USC, na páxina web da Vicerreitoría de Investigación e Ciencia Aberta e a través da plataforma do Santander.

Dita resolución definitiva de concesión conterá a relación lista de agarda ordeada de acordo coa puntuación mais alta otida logo de aplicar o criterio de valoración establecido no punto 6 desta convocatoria, para que, de ser o caso, cubrir aquelas axudas desertas que poidan quedar nas distintas areas de coñecemento ao que se refire o artigo 1.2 desta convocatoria.

Artigo 10. Compatibilidade das axudas

Esta axuda será compatible coa percepción doutras axudas, subvencións ou recursos procedentes de calquera outra administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou da Unión Europea así como de organismos internacionais para o mesmo fin, vinculadas ao seu contrato predoutoral, sempre que o estableza a convocatoria predoutoral pola que a persoa beneficiaria foi contratada.

Artigo11. Renuncia das axudas

No suposto de que as persoas beneficiarias queiran presentar a súa renuncia á axuda concedida deberán comunicalo a través do correo electrónico investigacion.rrhh@usc.es
Neste caso, a axuda será outorgada á seguinte persoa segundo figure na lista de agarda ao que se refire o artigo 9 desta convocatoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Rosa María Crujeiras Casais.

Reitora da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO I

AXUDA ECONÓMICA PARA PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL CONTRATADO DA USC

APELIDOS E NOME:	
DNI:	
ÓRGANO FINANCIADOR: (fpu, fpi, Xunta de Galicia, USC...)	
ANO CONVOCATORIA PREDOUTORAL:	

DECLARO RESPONSABLEMENTE que no caso de ser beneficiario/a da axuda económica os gastos que a continuación se da USC

CONCEPTO DO GASTO	IMPORTE
TOTAL	

Deberán achegar os documentos xustificativos (Facturas, ticket, etc...) durante o mes de xaneiro do 2026 do gasto indicado na taboa anterior.

Data:

Sinatura:

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ROSA MARIA CRUJEIRAS CASAIS,
REITORA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 06/05/2026 14:59:54.

CSV: D4B7-C974-4581-BABC